

Aprobados os pregos de cláusulas administrativas particulares para a contratación das obras do proxecto de pavimentación de rúas no núcleo de Becerreá, expóñense ao público polo prazo de oito días hábiles para os efectos previstos polo artigo 122 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril.

De conformidade co establecido no artigo 122.2º do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, anúnciase simultaneamente co prego de condicións, a licitación, aínda que se adiará no suposto de producirse reclamacións contra os pregos, ata a súa resolución.

1. Entidade adxudicadora: Concello de Becerreá.

2. Obxecto do contrato.

a) Proxecto: pavimentación de rúas no núcleo de Becerreá.

b) Lugar de execución: Becerreá.

c) Prazo de execución: tres meses.

3. a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación: 58.916,32 €, IVE incluído.

5. Garantía provisional: non se exige.

6. Garantía definitiva: 4% do importe da adjudicación.

7. Obtención de documentación e información.

Concello de Becerreá. Avda. Madrid, 2, 27640 Becerreá (Lugo).

Teléfono: 982 36 00 04.

8. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: non se exige.

b) Solvencia económica-financiera e técnica: acreditarase de conformidade co establecido no Prego.

9. Presentación de ofertas.

a) Data límite de presentación: décimo terceiro día natural seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo e no DOG, tomando como día para o inicio do prazo o seguinte ao da última publicación.

b) Documentación que hai que presentar:

As proposicións presentarase en tres sobres pechados.

Sobre «A», denominado «Documentación administrativa».

Sobre «B», denominado «Proposición económica».

Sobre «C», denominado «Referencias técnicas».

Que deberán formularse conforme á cláusula 15 do prego.

c) Lugar de presentación: Concello de Becerreá. Avda. Madrid, 2.

d) O prazo en que o licitador estará obrigado a manter a oferta: un mes desde que remate o prazo de presentación.

e) Admítese a formulación de melloras en relación co proxecto aprobado, tanto cualitativas como cuantitativas, redución de prazos de execución e control de calidade que deberán ofertarse segundo se establece no prego.

10. Apertura de plicas: no salón de sesións da Casa do Concello de Becerreá, ás 11.00 horas do terceiro día hábil seguinte ao do remate do prazo de presentación de proposicións.

11. Gastos de anuncios: serán por conta do adxudicatario todos os gastos que por este motivo se produzan.

Becerreá, 2 de maio de 2007.

Antonio Fernández Pombo
Alcalde

CONCELLO DE BOIRO

Anuncio.

O Pleno da corporación, na sesión extraordinaria realizada o día 22 de marzo de 2007, aprobou definitivamente o plan especial de reforma interior da área de repartición C-2 en Cabo de Cruz.

O que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 92.2º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística do territorio e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro.

Boiro, 29 de marzo de 2007.

Xosé Deira Triñanes
Alcalde-presidente

CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Anuncio de aprobación definitiva do proxecto do Plan de sectorización do solo urbanizable non-delimitado de uso industrial (SAUI 2), de Sergude-Boqueixón.

O Concello de Boqueixón, en sesión plenaria, realizada para os efectos con data do 27-3-2007, aprobou definitivamente o proxecto do Plan de Sectorización do solo urbanizable non-delimitado de Uso Industrial (SAUI 2), de Sergude-Boqueixón.

O acto de aprobación definitiva do citado plan de sectorización é comunicado con data do 4-5-2007, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, en aplicación ao disposto no artigo 92.3º,

da Lei 97/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Con data do 2-5-2007, remítese este acordo, xunto co documento que contén a normativa e as ordenanzas reguladoras, para a súa publicación no BOP, en aplicación ao disposto no artigo 92.2º, da citada Lei 9/2002.

Contra este acordo de aprobación definitiva do citado plan de sectorización poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á publicación deste anuncio.

Boqueixón, 4 de maio de 2007.

Adolfo Gacio Vázquez
Alcalde-presidente

CONCELLO DE FERROL

Edicto.

O Pleno do Concello de Ferrol, na sesión que tivo lugar o día 20 de abril de 2007, aprobou definitivamente por silencio administrativo o Plan do sectorización de Menáncara, en Serantes, promovido por *Bros Noroeste Empresa Inmobiliaria, S.L.*

En cumprimento do disposto no artigo 92.3º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, na data do 2 de maio de 2007, foi remitida á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda unha copia autenticada de dous exemplares do instrumento de planeamento aprobado definitivamente cos planos e documentos que o integran debidamente dilixenciados coa sinatura do secretario xeral do concello.

Segundo o disposto no número 2 do artigo citado, o texto íntegro da normativa e as ordenanzas publicáranse no *BOP*.

Contra o acordo de aprobación definitiva do Plan de Sectorización de Menáncara en Serantes, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior e Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 2 de maio de 2007.

Juan Juncal Rodríguez
Alcalde

CONCELLO DE MEAÑO

Anuncio.

Convócase concurso para a adjudicación da seguinte subministración:

Obxecto do contrato: a subministración dun vehículo especialmente adaptado para transporte asistencial, segundo o prego de condicións técnicas.

Prazo de entrega: a subministración entregarase matriculada no Concello de Meaño, no prazo ofertado e en todo caso no prazo máximo de 3 meses, contados a partir da notificación do acordo de adxudicación.

Base ou tipo de licitación: fíxase na cantidade máxima de: 43.000 €, IVE, adaptación, matriculación e transporte incluídos.

Capacidade para contratar: están capacitadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten solvencia económica, financeira e técnica nos termos dos artigos 16, 17 e 18 do TRLCAP e non estean afectados por ningunha das circunstancias que se enumeran no artigo 20 como prohibitivas para contratar.

Garantías: provisoria: non se exige. Definitiva: será do 4% do importe de adxudicación. O período de garantía fíxase como mínimo nun ano desde a entrega da subministración.

Presentación de proposicións: presentaranse no rexistro xeral do Concello de Meaño, das 9.00 horas ás 13.30 horas, no prazo de 26 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do último anuncio de licitación (BOP ou DOG), coas formalidades previstas na cláusula 9ª do prego e 19ª.

Criterios que servirán de base para a adjudicación da subministración: os establecidos na cláusula 11ª.

Apertura de proposicións: a mesa de contratación reunirase ás 12.30 horas do quinto día hábil seguinte ao da data de remate de presentación de proposicións, para a apertura das proposicións presentadas e aceptadas.

Entidade adxudicadora: Concello de Meaño. Entidade na cal se tramita: Secretaría-Intervención. Órgano: Pleno/Xunta de Goberno Local. Tramitación: ordinaria, procedemento aberto, forma concurso. Obtención de documentación e información: Concello de Meaño (r/ Campo da Feira nº 1- As Covas 36968-Meaño, teléfono: 986 74 71 02, fax: 986 74 73 91).

Meaño, 2 de abril de 2007.

Jorge Domínguez Rosal
Alcalde